

Anexo II. Ficha Convocatoria

I. NOME DOS PROXECTOS DA LIÑA DE INVESTIGACIÓN EN COMPUTACIÓN CUÁNTICA

PROXECTOS DA LIÑA DE INVESTIGACIÓN EN COMPUTACIÓN CUÁNTICA	
PROXECTO 1	Quantum Excellence Center
PROXECTO 2	Quantum Enia
PROXECTO 3	GRAVITEQA
PROXECTO 4	Contrato de Colaboración con Hijos de Rivera para el Desarrollo de Algoritmos de Computación Cuántica para la Búsqueda de Moléculas de Interés
PROXECTO 5	DeepQuantum
PROXECTO 6	Qatalyze
PROXECTO 7	Quantum_Iber_IA

II. PROGRAMA/PROXECTO/CONTRATO/CONVENIO QUE FINANCIADA O CONTRATO

	PROXECTO/S	FORMA DE FINANCIAMENTO DO PROXECTO
PROXECTO 6	Qatalyze	Proyecto CPP2024-011900 financiado por MICIU/AEI/10.13039/501100011033/ FEDER, UE Convocatoria: PROYECTOS DE COLABORACIÓN PÚBLICO-PRIVADA 2024

III. DESCRICIÓN DO/S PROXECTO/S

	PROXECTOS	DESCRICIÓN DOS PROXECTOS
PROXECTO 6	Qatalyze	<p><i>Desarrollo de plataforma y algoritmos de computación híbrida cuántico-clásica para el descubrimiento de nuevos catalizadores y materiales avanzados (Qatalyze).</i></p> <p>Este proxecto busca desenvolver unha plataforma e algoritmos híbridos cuántico-clásicos optimizados para o descubrimento de novos materiais e catalizadores. Este enfoque permitirá abordar problemas computacionalmente inabarcables mediante técnicas tradicionais, establecendo unha metodoloxía disruptiva para a optimización de procesos complexos.</p> <p>O proxecto baséase na experiencia do consorcio participante, no que a empresa QCentroid aportará o seu coñecemento do mercado e o desenvolvemento da súa</p>



plataforma Quantum Machine Learning as a Service (QMLaaS), mientras que CESGA e Gradient contribuirán coa súa ampla experiencia no campo da computación cuántica. Neste sentido, o proxecto busca responder á crecente demanda de infraestruturas QaaS que democratizan o acceso á computación cuántica no sector privado, reduciendo a brecha co ámbito académico. A diferenza das solucións actuais, que requiren unha configuración manual complexa, a plataforma integrará unha arquitectura de orquestración intelixente, capaz de seleccionar automaticamente a mellor combinación de hardware e software para cada problema.

A súa capacidade de simulación e adestramento mediante algoritmos variacionais e redes xerativas adversarias cuánticas (QGAN) permitirá o descubrimento de metodoloxías máis eficientes tanto en química computacional como en ciencia de materiais. Estes desenvolvementos integraranse nun enfoque híbrido cuántico-clásico que non só acelerará cálculos complexos, senón que tamén permitirá o descubrimento de novas solucións en química computacional e ciencia de materiais. Mediante QGANs e algoritmos variacionais, a plataforma xerará e optimizará estruturas moleculares e catalizadores con propiedades melloradas, reduciendo o número de simulacións necesarias e enfocando a validación experimental nos candidatos máis prometedores.

Esta sinergia optimizará tempos e custos en sectores como a enerxía, a catálise e a biotecnoloxía, ofrecendo unha vantaxe competitiva na exploración e desenvolvemento de materiais avanzados.

Dentro deste enfoque, CESGA ten que contribuir especialmente a:

- Deseño e desenvolvemento de algoritmos variacionais híbridos clásico-cuánticos e inspirados na computación cuántica.
- Avaliación comparativa de modelos, análise de solucións e identificación de casos de uso adaptables ao entorno operativo.
- Adaptación de algoritmos QGAN e de computación cuántica variacional aos requisitos específicos do ordenador cuántico.
- Validación de solucións con execución paralela nun



		<p>emulador.</p> <ul style="list-style-type: none">- Análise e/ou validación de casos de uso en QPU externas para a comparación do rendemento das QPU. Validación de casos de uso en QPU externas para a comparación do rendemento de solucións de computación cuántica e híbrida cuántica-clásica.- Integración con hardware cuántico, GPU, HPC e simuladores/emuladores.
--	--	---

IV. POSICIÓN OFERTADAS

DATOS DA ACTIVIDADE / PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS	
Referencia da praza	Referencia da praza: QATALYZE-26-TINVPD1 NRP: 6090083
Denominación	Técnico de Investigación posdoutoral en tecnoloxías de computación cuántica
Centro de traballo	CESGA, Avenida de Vigo s/n, Campus Vida, 15705 – Santiago de Compostela
CONDICIÓN DO POSTO	
Tipo de contrato	Contrato de Actividades Científico-Técnicas
Categoría laboral	Técnico de Investigación posdoutoral
Número de prazas	1
Descrición	<p>O investigador incorporárase ao CESGA no departamento de Aplicacións e Proxectos na área de Tecnoloxías Cuánticas. A súa función como investigador é contribuír ao desenvolvemento da liña de investigación en computación cuántica, coa posibilidade de liderar equipos de investigación propios. A liña de investigación onde se terá que investigar é a referida a Computación híbrida clásico-cuántica. O obxectivo desta liña é desenvolver tecnoloxías que permitan a construción e o uso eficientes de sistemas de computación de alto rendemento que inclúan unidades de procesamento cuántico (QPU) como elementos de computación en cada nodo, capaces de comunicarse cuanticamente entre si. Para este fin, a liña de investigación incluírá proxectos dirixidos a acadar esta arquitectura (como a mellora entre interfaces clásicas e cuánticas, a definición e construción de redes de comunicación híbridas orientadas á computación de alto rendemento, ferramentas de programación, monitorización de infraestruturas e contabilidade de acceso, etc.), para desenvolver ferramentas que permitan a emulación de infraestruturas, para aplicacións de computación híbrida clásica-cuántica con ou sen paralelización, para a aplicación da Intelixencia Artificial á computación híbrida e para a definición de benchmarkings que permitan avaliar a evolución dos entornos de computación híbrida.</p>



	<p>É desexable que o investigador conte con suficiente coñecemento de ferramentas de desenvolvemento e xestión de código, especialmente Python ou C/C++ e de paralelización con fíos ou distribuída e con experiencia na execución de programas cuánticos ou híbridos en unidades de computación cuántica reais e emuladas.</p> <p>O investigador deberá axudar a consolidar a actividade internacional do grupo, polo cal é imprescindible a dispoñibilidade para viaxar (fundamentalmente a outros estados da Unión Europea) e a facer curtas estancias de investigación en outros centros de interese para a liña de investigación, que poidan fortalecer as relacións con outros grupos de investigación de referencia na área.</p> <p>Búscase, por tanto, unha persoa formada en técnicas de computación cuántica, motivada, cun CV consolidado na área e que queira desenvolver a súa actividade de investigación no campo do software e aplicacións da computación cuántica. O investigador deberá focalizar no seu traballo de investigación nas tarefas definidas no proxecto Qatalyze descritos anteriormente.</p>
Funcións a realizar	<p>As necesarias para a o desenvolvemento adecuado da liña de investigación, e especialmente as asociadas ao proxecto Qatalyze.</p> <ul style="list-style-type: none">• Investigación, execución e supervisión de tarefas de investigación e técnicas como son o deseño, programación e avaliación de algoritmos baseados en técnicas de computación híbrida clásico-cuántica, e definición e execución de benchmarks para unidades de computación cuántica.• Documentación e mantemento do software desenvolvido.• Busca de financiamento para o manter a liña de investigación• Participación no deseño e seguimento do plan de traballo dos diferentes proxectos que compoñan a liña de investigación, especialmente do proxecto Qatalyze.• Coordinación ou participación na redacción dos informes científicos, técnicos e de xestión do proxecto Qatalyze e de outros proxectos relacionados.• Publicación de resultados en revistas, conferencias e demais medios de comunicación e difusión de resultados.• Coordinación con socios, coas entidades financiadoras, os provedores, socios e subcontratas do programa de investigación e os diferentes proxectos.• Vixilancia tecnolóxica: Busca e análise da documentación científica e técnica relacionada coa temática da liña de investigación, tanto de publicacións científicas como de patentes.• Execución doutras tarefas asociadas co correcto desenvolvemento da liña de investigación: asistencia a reunións, participación en conferencias e cursos, elaboración de informes, realización de presentacións, xeración de material promocional, formación sobre as técnicas utilizadas• Outras tarefas necesarias para a realización da liña de investigación.
Retribución bruta anual	37.156,28€



Duración do contrato	Indefinida, cunha duración aproximada inicial ata o 30 de outubro de 2028, suxeita a continuidade á existencia de financiamento suficiente para manter a liña de investigación.		
Data de inicio prevista¹	Maio 2026		
Xornada laboral	Tempo completo		
REQUISITOS DOS/DAS ASPIRANTES			
Titulación requirida	<p>Doutor.</p> <p>A titulación que deberá estar adscrita nalgún dos seguintes ámbitos do coñecemento, segundo o Real Decreto 822/2021 (Anexo I):</p> <ul style="list-style-type: none">• Ciencias da Terra.• Física e astronomía.• Enxeñaría eléctrica, enxeñaría electrónica e enxeñaría da telecomunicación.• Enxeñaría industrial, enxeñaría mecánica, enxeñaría automática, enxeñaría da organización industrial e enxeñaría da navegación.• Enxeñaría informática e de sistemas.• Enxeñaría química, enxeñaría dos materiais e enxeñaría do medio natural.• Matemáticas e estatística.• Química <p>Transitoriamente, para titulacións non adaptadas ao novo marco, serán válidas aquelas adscritas a algunha das seguintes ramas do coñecemento, segundo o Real Decreto 1393/2007 :</p> <ul style="list-style-type: none">• Ciencias. <p>Enxeñaría e Arquitectura.</p>		
Experiencia requirida	Requírese unha experiencia en investigación postdoutoral en computación cuántica ou computación de altas prestacións cunha duración mínima de un ano dende a data da obtención da titulación de doutor.		
Idiomas	Inglés: B2 Deberase indicar no CV que se anexe coa solicitude, de forma explícita, se o nivel de inglés conta cunha acreditación/certificación oficial.		
Outros			
MÉRITOS A VALORAR			
Ítem	Concepto do ítem	Puntos max.	Puntos mín.
1	Valoración curricular Valoraranse os seguintes aspectos:	80	40

¹ A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adjudicación do contrato



	<ul style="list-style-type: none">○ Experiencia académica ou profesional previa relacionada coas funcións do posto (Ata 25 puntos):<ul style="list-style-type: none">a. Contratos de traballo ou bolsas de investigación en institutos, organismos ou centros públicos ou privados de investigación, en materias relacionadas co contratob. A dirección e codirección de Traballos de Fin de Grao, Traballos de Fin de Máster ou Teses doutorais (que se tiveran presentado e avaliado).○ Formación específica relacionada cos requisitos do contrato ofertado (Ata 10 puntos)<ul style="list-style-type: none">a. Outras titulacións oficiais relevantes para o posto.b. Certificacións adicionais relevantes para o posto (xestión de proxectos, probas de software),c. Cursos e seminarios relacionados coas funcións do contrato○ Traxectoria científico-técnica do/a candidato/a (Ata 40 puntos).<p>Valoraranse os méritos que amosen a idoneidade do candidato/a para o posto e que estean relacionados coa súa traxectoria científico-técnica. En particular teranse en conta os logros e contribucións do candidato/a que demostren a súa evolución e achegas no ámbito científico-técnico, considerando tanto a calidade como o impacto da súa traxectoria.</p><p>Cando o candidato teña unha certificación R3 ou I3 obtida na área temática do contrato (que deberá figurar explicitamente no CV), o candidato estará exento desta valoración, obtendo a máxima puntuación desde apartado.</p><p>En caso de non ter unha certificación R3 ou I3, os criterios de avaliación serán:</p><ul style="list-style-type: none">a. Aportacións científico-técnicas (ata 20 puntos). Valorarase a excelencia investigadora na área temática do posto de traballo a través das contribucións científicas do candidato/a, a súa relevancia e contribución á xeración de coñecemento, ideas, hipóteses e resultados. Tamén se valorarán as aportacións da persoa solicitante á sociedade, como actividades de desenvolvemento tecnolóxico e innovación; desenvolvemento de ferramentas (software) e/ou datos en acceso aberto; actividades de divulgación, colaboración coa industria e o sector privado, entidades, institucións públicas e outros usuarios finais da investigación; a obtención de premios, menciones e distincións científicas e tecnolóxicas, e calquera outra contribución que permita valorar a relevancia dos diferentes aspectos da actividade investigadora desenvolvida.		
--	---	--	--



	<p>b. Liderado e independencia (ata 10 puntos). Se valorará o liderado e o grao de independencia investigadora adquirida pola persoa solicitante ao longo da súa traxectoria investigadora, reflectido no liderado das súas contribucións científicas; a capacidade para liderar liñas e grupos de investigación; a participación en proxectos de investigación como investigadora principal; a captación de recursos, incluída a financiación a través do liderado en accións relacionadas con programas e proxectos nacionais e/ou internacionais ou os financiados por empresas e outras entidades privadas; a dirección de teses doutorais e calquera outra experiencia científica e profesional de relevancia.</p> <p>c. Internacionalización (ata 10 puntos). Valorarase a internacionalización da persoa solicitante en termos da relevancia das estadías en entidades internacionais, atendendo ao prestixio da entidade de recepción da estancia, ás aportacións da persoa solicitante ás liñas de traballo do centro e grupo/s cos que traballou; colaboracións con grupos internacionais; participación en consorcios internacionais e calquera outra experiencia internacional de relevancia.</p> <p>o Coñecemento de linguas con aplicación práctica no ámbito profesional (Ata 5 puntos)</p> <p>a. certificacións superiores do coñecemento do Inglés (C1 e C2), e</p> <p>b. certificacións doutros idiomas europeos oficiais (Francés e Alemán) e de Portugués.</p>		
2	<p>Valoración da Memoria.</p> <p>Valorase a memoria presentada de proxecto de investigación no referente a calidade da análise do estado da arte, a proposta de obxectivos, a vinculación destes cos proxectos e liña de investigación descritos anteriormente (especialmente coas tarefas do proxecto Qatalyze, o emprego do emulador CUNQA desenvolvido polo CESGA e o uso do novo computador cuántico do CESGA) e a súa relevancia, a metodoloxía a empregar, a xestión de riscos, o plan de traballo e a difusión dos resultados. A memoria deberá estar relacionada con un dos seguintes temas:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Algoritmos variacionais. - Emprego de computación cuántica distribuída. - Avaliación de algoritmos híbridos. <p>A memoria libre non poderá ter máis de 10 páxinas, empregando a fonte Xunta Xans con 11 puntos. Non se avaliarán as memorias que teñan máis de 10 páxinas.</p> <p>Pasarán as seguintes fases todos os candidatos que obtiveran unha puntuación superior a mínima.</p>	10	5
3	<p>Proba práctica.</p> <p>Cada candidato que chegue ata esta fase, deberá defender a súa proposta de</p>	10	5



	investigación nunha presentación de non máis de 20 minutos máis outros 10 minutos onde o Tribunal poderá facer preguntas sobre o proxecto. Valorarase o dominio técnico dos conceptos empregados, e a capacidade de comunicación e presentación do proxecto.		
4	Entrevista A entrevista centrarase en avaliar as competencias e habilidades transversais do candidato/a, así como a súa adecuación ao posto ofertado. <ul style="list-style-type: none">▪ Competencias Técnicas: Dominio de conceptos nas áreas relacionadas co posto.▪ Habilidades Transversais: Capacidade de comunicación, traballo en equipo e resolución de problemas.▪ Adecuación ao Perfil do Posto: Avaliarase a motivación, interese e aliñamento do candidato/a con os obxectivos e funcións do posto, así como a súa dispoñibilidade.▪ Outras competencias consideradas relevantes para o posto.	10	5

DATOS DA ACTIVIDADE / PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS

Referencia da praza	Referencia da praza: QATALYZE-26-TSINV1 NRP: 6090084
Denominación	Técnico Superior de investigación en tecnoloxías de computación cuántica
Centro de traballo	CESGA, Avenida de Vigo s/n, Campus Vida, 15705 – Santiago de Compostela.
CONDICIÓN DO POSTO	
Tipo de contrato	Contrato de Actividades Científico-Técnicas
Categoría laboral	Técnico Superior de Investigación
Número de prazas	1
Descrición	<p>O técnico incorporarase ao CESGA no departamento de Aplicacións e Proxectos na área de Tecnoloxías Cuánticas. A súa función é contribuír ao desenvolvemento da liña de investigación en computación cuántica.</p> <p>O técnico colaborará na integración das infraestruturas cuánticas e clásicas, a xeración de benchmarkings de computadores cuánticos, a creación de librerías e aplicacións da computación cuántica, e en xeral, a executar os obxectivos do proxecto Qatalyze descritos.</p> <p>É desexable que o técnico conte con suficiente coñecemento de ferramentas de desenvolvemento e xestión de código, especialmente Python ou C/C++ e de paralelización con fíos ou distribuída e con experiencia na execución de programas</p>



	<p>cuánticos ou híbridos en unidades de computación cuántica reais e emuladas.</p> <p>O técnico deberá axudar a consolidar a actividade internacional do grupo, polo cal é imprescindible a dispoñibilidade para viaxar (fundamentalmente a outros estados da Unión Europea) e a facer curtas estancias en outros centros de interese para a liña de investigación, que poidan fortalecer as relacións con outros grupos de investigación de referencia na área. A colaboración con outros centros do proxecto pode necesitar facer estas viaxes a nivel internacional.</p> <p>Búscase, por tanto, unha persoa formada en técnicas de computación cuántica e motivada, e que queira desenvolver a súa actividade no campo do software para a computación cuántica.</p>
Funcións a realizar	<ul style="list-style-type: none">• Deseño, programación e avaliación de algoritmos baseados en técnicas de computación híbrida clásico-cuántica, e definición e execución de benchmarks para unidades de computación cuántica.• Documentación e mantemento do software desenvolvido.• Coordinación ou participación na redacción dos informes científicos, técnicos e de xestión do proxecto Qatalyze e de outros proxectos relacionados.• Publicación de resultados en revistas, conferencias e demais medios de comunicación e difusión de resultados.• Coordinación con socios, coas entidades financiadoras, os provedores, socios e subcontratas do programa de investigación e os diferentes proxectos.• Vixilancia tecnolóxica: Busca e análise da documentación científica e técnica relacionada coa temática da liña de investigación, tanto de publicacións científicas como de patentes.• Execución doutras tarefas asociadas co correcto desenvolvemento da liña de investigación: asistencia a reunións, participación en conferencias e cursos, elaboración de informes, realización de presentacións, xeración de material promocional, formación sobre as técnicas utilizadas• Colaboración na busca de financiación para o mantemento da liña de investigación.• Outras tarefas necesarias para a realización da liña de investigación.
Retribución bruta anual	33.804,82 €
Duración do contrato	Indefinida, cunha duración aproximada inicial ata o 30 de outubro de 2028, suxeita a continuidade á existencia de financiamento suficiente para manter a liña de investigación.
Data de inicio prevista²	Maio de 2026
Xornada laboral	Tempo completo
REQUISITOS DOS/DAS ASPIRANTES	
Titulación	Nivel 3 (Grado + Máster) segundo o Marco Español de cualificacións para a

² A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adjudicación do contrato



<p>requirida</p>	<p>Educación Superior recollido no Real Decreto 1027/2011 de 15 de xullo.</p> <p>A titulación deberá estar adscrita nalgún dos seguintes ámbitos do coñecemento, segundo o Real Decreto 822/2021 (Anexo I):</p> <ul style="list-style-type: none"> • Ciencias da Terra. • Física e astronomía. • Enxeñaría eléctrica, enxeñaría electrónica e enxeñaría da telecomunicación. • Enxeñaría industrial, enxeñaría mecánica, enxeñaría automática, enxeñaría da organización industrial e enxeñaría da navegación. • Enxeñaría informática e de sistemas. • Enxeñaría química, enxeñaría dos materiais e enxeñaría do medio natural. • Matemáticas e estatística. • Química <p>Transitoriamente, para titulacións non adaptadas ao novo marco, serán válidas aquelas adscritas a algunha das seguintes ramas do coñecemento, segundo o Real Decreto 1393/2007 :</p> <ul style="list-style-type: none"> • Ciencias. • Enxeñaría e Arquitectura. 		
<p>Experiencia requirida</p>	<p>Requírese unha experiencia en computación cuántica ou computación de altas prestacións dunha duración mínima de un ano dende a data da obtención da titulación.</p>		
<p>Idiomas</p>	<p>Inglés: B2</p> <p>No caso de que se requira nivel de idioma, deberase indicar no CV que se anexe coa solicitude, de forma explícita, se o nivel de inglés conta cunha acreditación/certificación oficial ou se, pola contra, se non se dispón desta, os/as aspirantes deberán realizar unha proba de nivel.</p> <p>A duración da proba será de máximo (30) minutos. A valoración das probas de idiomas será de APTO ou NON APTO e serán publicados na lista definitiva de persoas admitidas/excluídas.</p>		
<p>Outros</p>	<p>Ter unha publicación en revista científica con revisión por pares na área de computación cuántica ou computación de altas prestacións.</p>		
<p>MÉRITOS A VALORAR</p>			
<p>Ítem</p>	<p>Concepto do ítem</p>	<p>Puntos max.</p>	<p>Puntos mín.</p>
<p>1</p>	<p>Valoración curricular</p> <p>Valoraranse os seguintes aspectos:</p> <ul style="list-style-type: none"> ○ Formación académica (Ata 10 puntos) <ul style="list-style-type: none"> a) Expediente académico, segundo a nota media das titulacións requiridas para o acceso ao proceso de selección. NO CV SERÁ NECESARIO FACER CONSTAR AS NOTAS MEDIAS DO GRAO E 	<p>90</p>	<p>45</p>



	<p><u>MÁSTER (OU EQUIVALENTES EN TITULACIÓN ANTERIORES OU EXTRANXEIRAS).</u></p> <ul style="list-style-type: none">○ Experiencia académica ou profesional previa relacionada coas funcións do posto (Ata 30 puntos):<ul style="list-style-type: none">a) Contratos de traballo ou bolsas de investigación en institutos, organismos ou centros públicos ou privados de investigación, en materias relacionadas co contrato.b) A dirección e codirección de Traballos de Fin de Grao, Traballos de Fin de Máster ou Teses doutorais (que se tiveran presentado e avaliado).○ Formación específica relacionada cos requisitos do contrato ofertado (Ata 30 puntos).<ul style="list-style-type: none">a) Titulo de doutor en Física, Informática, Tecnoloxías Cuánticas e áreas afíns.b) Posesión de titulación de Máster en computación cuántica ou tecnoloxías cuánticas ou computación de altas prestacións.○ Traxectoria científico-técnica do/a candidato/a. (Ata 15 puntos)<ul style="list-style-type: none">a) Publicacións científicas en revistas de revisión por pares relacionadas coas tarefas de investigación a realizar como:<ul style="list-style-type: none">i. Algoritmos de computación cuántica.ii. Integración de computación cuántica e clásica.iii. Computación distribuída clásica e cuántica.iv. Outras áreas relacionadas.<p>No CV poderá incluír ata 5 publicacións relevantes e o DOI da mesma, indicando o número de citas.</p>b) Contribucións en congresos e conferencias internacionais:<ul style="list-style-type: none">i. Conferencia invitadas.ii. Exposición orais.iii. Posters.c) Estadías en entidades internacionais, atendendo ao prestixio da entidade de recepción da estadía, ás aportacións da persoa solicitante ás liñas de traballo do centro e grupo/s cos que traballou; colaboracións con grupos internacionais; participación en consorcios internacionais e calquera outra experiencia internacional de relevancia.○ Coñecemento de linguas con aplicación práctica no ámbito profesional (Ata 5 puntos).<ul style="list-style-type: none">a) certificacións superiores do coñecemento do Inglés (C1 e C2), e		
--	---	--	--



	b) certificacións doutros idiomas europeos oficiais (Francés e Alemán) e de Portugués.		
2	Entrevista A entrevista centrarase en avaliar as competencias e habilidades transversais do candidato/a, así como a súa adecuación ao posto ofertado. <ul style="list-style-type: none">▪ Competencias Técnicas: Dominio de conceptos nas áreas relacionadas co posto.▪ Habilidades Transversais: Capacidade de comunicación, traballo en equipo e resolución de problemas.▪ Adecuación ao Perfil do Posto: Avaliarase a motivación, interese e aliñamento do candidato/a con os obxectivos e funcións do posto, así como a súa dispoñibilidade.▪ Outras competencias consideradas relevantes para o posto.	9	4,5

V. PARTICIPACIÓN

1. As solicitudes dirixiranse ao xerente da fundación CESGA, utilizando o *ANEXO I. MODELO DE SOLICITUDE* que deberá estar accesible no portal web da Fundación CESGA (<http://www.cesga.es>). No devandito modelo as persoas aspirantes deberán rexistrar os seus datos de identidade e contacto que se empregarán para as comunicacións. A tramitación da solicitude debe realizarse segundo o establecido no apartado 7 "Presentación de solicitudes e documentación" das bases xerais de selección de persoal.

VI. DOCUMENTACION A PRESENTAR

Para a solicitude de praza, as persoas candidatas deberán entregar a seguinte documentación:

1. **ANEXO I. MODELO DE SOLICITUDE**, cumprimentado e asinado.
2. **Curriculum Vitae**, empregando un formato libre, pero que inclúa referencias detalladas que permitan comprobar os requisitos e méritos indicados no Anexo II. Deberase igualmente facer explícito se se conta con acreditación/certificación que acredite o nivel de idioma/s requirido para a praza ou se, pola contra, non se dispón desta.
3. Nos casos en que sexa necesario, deberá constar neste apartado a indicación de presentación de:
"3. Memoria técnica, empregando o formato libre."

VII. PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación de solicitudes será de **10 días hábiles**, contando a partir do día seguinte ao da publicación desta na web do CESGA.

VIII. PRAZO MÁXIMO DE RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA

O prazo máximo de resolución da convocatoria será de tres meses.

IX. ACREDITACIÓN DE REQUISITOS E MÉRITOS



A/as perso/a/s que resulten propostas para a contratación deberán presentar a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos e dos méritos baremables na fase de concurso e restante documentación adicional incluída neste Anexo mediante os medios establecidos previamente no apartado *Presentación de solicitudes e documentación* das bases xerais. Non deberán presentar xustificacións dos méritos cando estés estén relacionados cunha actividade laboral no CESGA.

	DESCRIPCIÓN DA DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBE ACHEGAR
TITULACIÓN	Copia simple do/s título/s ou documento que acredite de modo fidedigno a posesión do correspondente título académico (Grao, Mestrado, Doutoramento, e demais titulacións).
	Copia simple do expediente académico, se se valora.
	Naqueles casos onde se avalíe a temática do TFM, declaración responsable onde figure o título e un resumo do mesmo no que quede claramente reflexado que a temática principal está relacionada coa valorada ou copia do TFM.
CURSOS E FORMACIÓN	Copia simple do certificado de asistencia ou superación, incluíndo o temario do curso e o número de horas. Non se considerarán como cursos os créditos obtidos en estudos regulados.
CERTIFICACIÓN	Copia simple do certificado oficial.
PUBLICACIÓN	DOI/URL/ISBN da publicación e copia da mesma.
CONTRIBUCIÓN A CONGRESOS	Información suficiente para constatar a contribución (certificado do congreso ou conferencia, actas, etc.)
EXPERIENCIA	Copia simple do contrato de traballo onde figure expresamente o nome e código do proxecto ou contrato ou certificación da entidade onde participou, incluíndo as datas de inicio e fin da participación.
	Copia da vida laboral para os contratos laborais en España ou documento internacional substitutivo que inclúa a duración en días ou meses do contrato.
	Declaración responsable asinada polo solicitante, cunha descrición de cada un dos proxectos ou contratos nos que traballou, de non máis dunha cara dun folio A4 cada un, onde se xustifique a relación do mesmo co obxecto do criterio.
	Naqueles casos onde se valore experiencia relacionada co desenvolvemento de ferramentas e aplicacións dixitais, enlace a repositorios de código ou portafolios: Enlaces a repositorios públicos (GitHub, GitLab, etc.) ou portafolios que mostren exemplos de scripts ou ferramentas desenvolvidas. Cada exemplo debe incluír unha breve descrición do seu propósito e contexto.
IDIOMAS	Se é o caso, copia simple do título de perfeccionamento en lingua galega, do CELGA 4 ou dos estudos equivalentes homologados polo





GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE CIENCIA, INNOVACIÓN Y UNIVERSIDADES



Cofinanciado por la Unión Europea



CESGA
GALICIA SUPERCOMPUTING CENTER

	órgano competente en materia de política lingüística.
	Se é o caso, copia simple do título ou certificado de inglés ou outros idiomas no nivel requirido no Anexo II ou acreditación/certificación equivalente atendendo á escala CEFR (Common European Framework of Reference).

X. PUBLICACIÓNS

Todas as publicacións relativas ao proceso selectivo desta praza realizaranse na páxina web do CESGA.

